

Exposición

Jorge Cabezas is Back!



Jorge Cabezas: Casas. Colección particular

DATAS do 30 de marzo ao 30 de xuño de 2019

LUGAR sala principal de exposicións do primeiro andar

PRODUCCIÓN Fundación Luis Seoane

COMISARIO Antón Reixa

Jorge Cabezas is Back! é o título dun proxecto expositivo que comezou a xestarse no ano 2013 e que agora se materializa na Fundación Luis Seoane grazas á xenerosidade e o esforzo do pintor Jorge Cabezas e dos seus colaboradores neste proxecto, o poeta e artista multimedia Antón Reixa, o fotógrafo Juan Rodríguez, o artista Eduardo Hermida e o arquitecto Carlos Pita.

Patrocinan:



Colaboran:

XUNTA DE GALICIA



A exposición non pretende recoller de maneira exhaustiva o traballo desenvolvido polo artista coruñés desde os seus comezos na década dos noventa ata a actualidade, senón reunir unha pequena mostra concentrada do seu universo creativo, caracterizado polo emprego dunha iconografía única, extremadamente recoñecible, libre, e dunha serie de referencias nas que predominan os aspectos biográficos, a música rock e a cultura popular, unha forma de entender a vida e a arte e un sentido do humor especial. Un bó exemplo disto último é a elección do título do proxecto, un chisco do artista ao sexto álbum de Elvis Presley, co que o cantante retomaba a súa carreira tras unha paréntese forzosa en forma de servizo militar obrigatorio, e co que acadaría un dos seus maiores éxitos.

A montaxe da mostra inspírase na célebre última mostra realizada por Pablo Picasso en 1970 no Palacio dos Papas de Aviñón, na que o artista presentaba as súas obras a parede chea en memoria da súa primeira visita ao Museo do Prado xusto despois de abandonar A Coruña. Neste caso, a sala principal de exposicións do primeiro andar da Fundación Luis Seoane acollerá 53 pezas en total entre acrílicos, óleos, debuxos e collages pertencentes a diferentes etapas da produción do pintor, dispostas sobre unha única parede de 23 por 4,5 metros, transformada nun mural xigantesco que ofrece unha primeira impresión xeral na que as marxes da obras esvaécense en favor do conxunto, convidando posteriormente ao espectador a deterse nos detalles, dotándoo de liberdade para escoller aquela peza ou pezas nas que fixar a súa atención. Unha única parede que cheará a sala en diálogo coa instalación dun recinto pechado, unha mini sala de cine en forma de casita a dúas augas, un dos motivos recorrentes na obra de Cabezas, onde se proxectará o documental dirixido por Antón Reixa e Antonio Segade que recolle testemuñas de amigos, admiradores e colaboradores do artista. Xunto a ela, próxima a unha vídeo instalación realizada por Juan Rodríguez, exhibirase unha selección de obra gráfica na que destacan as libretas de traballo do pintor, que por vez primeira se exponen ao público, verdadeiros altos fornos da súa pintura, da súa obra, o espazo onde Jorge pensa, experimenta, onde se amosa en estado puro.

O proxecto complementase coa edición dun libro realizado por Describir no que colaboran Alberto García Alix, Antón Patiño, Julián Hernández, Yolanda Castaño, Xoel López, Antón Reixa, Rubén Ventureira, Lucía Aldao e Álvaro Dorda, entre outros.

SOBRE O ARTISTA

A comezos dos anos 90, Jorge Cabezas (A Coruña, 1972) irrompe no panorama artístico cunha pequena mostra realizada no histórico pub O Patacón da Coruña, hoxe desaparecido. Desde entón, o pintor non deixará de expoñer en diferentes locais e salas de exposicións públicas e privadas, principalmente no ámbito galego, pero tamén en Madrid e no extranxeiro, grazas a aceptación, primeiro por parte do público e posteriormente da crítica especializada, da práctica dunha figuración protagonizada por temas e obxectos do cotián construídos a partir dun trazo sólido e dun cromatismo básico, dando forma a unha estética singular poboada por peixes, copas, motos, bicis, cafeteiras, paisaxes urbanos, etc.

Patrocinan:



Colaboran:

XUNTA DE GALICIA



A súa obra, estreitamente relacionada coa súa cidade natal, está presente nas coleccións de Abanca, a Deputación da Coruña, ou o COAG, entre outras institucións, e en numerosas coleccións particulares.

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández Castro

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Tel. 981 216 015

Patrocinan:



Colaboran:

XUNTA DE GALICIA

